UNIDADE 7: FAMILIA E PARENTESCO
RESUMO

Os seguintes esquemas pódenche axudar a repasar e a coñecer os contidos do tema:

Debes diferenciar entre:

- Grupo doméstico. Persoas que cohabitan, con ou sen vínculo familiar.
- Familia: persoas da familia que cohabitan, coidan nenos e comparten responsabilidades familiares
- Parentesco: grupo de persoas coas que hai vínculo consanguíneo ou por matrimonio
- Matrimonio: asociación entre dous ou máis adultos que poden ter funcións de coidado de nenos/as e outras.

O tema organízase a continuación nas seguintes partes:
- Familia
- Parentesco
- Matrimonio
- Debates en torno á familia nuclear, e
- Procesos actuais

Familia:
Os tipos de familia analizados no tema son:



Parentesco:
Os grupos de parentes máis citados no tema son:



Matrimonio:

- Hai distintos tipos de matrimonio: monógamo, polándrico, polixínico
- O incesto (relación sexual entre fillos e pais) está case que universalmente prohibido
- Nas sociedades con grupos e parentesco o matrimonio crea alianza entre os grupos familiares dos cónxuxes.
- Os acontecementos que poden ter lugar no matrimonio son (en diferente orde e non sendo todos necesarios en moitas culturas):
    - Coñecemento dos cónxuxes
    - Inicio das relacións sexuais
    - Creación dun fogar
    - Voda
- Os matrimonios rematan por divorcio ou por morte dun dos cónxuxes

A crise da familia nuclear en Occidente:

- Fálase deste tema desde o século XIX, a pesar de que ata os anos 70 do século XX tiña moita forza social esta forma.

- O que se criticaba era a perda de poder do pai e da xerarquía
- Hai pensadores críticos coa familia que lle atribúen provocar neuroses ao presionar demasiado aos seus membros, como Freud
- A antropoloxía considerouna primeiro unha forma evolucionada de familia, despois unha forma moi adaptada á sociedade industrial e na actualidade analízase xunto con outras formas familiares sen máis xuízos de valor. En todo caso está presente na meirande parte das sociedades, cun ou outro papel.

Procesos emerxentes nas sociedades contemporáneas:

- Ganan peso novas formas familiares (monoparentalidade...)
- Algunhas familias debilítanse pola perda de recursos e posibilidades
- Os lazos familiares fanse menos fortes polo aumento do individualismo
- O patriarcado erosiónase